

ARQUÍMEDES MATEMÁTICO E INVENTOR

por Iria Rocha



ARQUÍMEDES

Matemático, inventor, físico, astrónomo e enxeñeiro grego que viviu durante o século III a.C. e fixo grandes aportacións á ciencia.

EUREKA!

Parafuso de Arquímedes

Máquina para subir algo, composta por un cilindro xiratorio cunha hélice ao redor, e a base desta última remata no depósito do que se queira subir.

Garra de Arquímedes

Máquina de defensa composta por un tronco unido ó muro, e a outro tronco facendo un ángulo recto e rematado nun gancho, para "pescar" o barco inimigo coa forza dun sistema de poleas tirado por bois.

Architronito

Canón a vapor usado para defender a súa polis natal dos asedios romanos.

Foi a primeira máquina a vapor e máis tarde foi reinventada por Leonardo da Vinci.

Principio de Arquímedes

Lei básica na náutica que di que todo corpo sumerxido nun líquido experimenta un empurre cara arriba igual ó peso do volume do líquido desprazado.

Podes saber con ela se os pendentes da túa nai son en realidade de ouro.

O número π Perímetro de polígonos regulares

Primeiro método para aproximalo. É un polígono circunscrito e outro igual inscrito. Pi é máis grande cá metade do número de lados pola lonxitude destes (inscrito) e máis pequeno cá metade do número de lados pola súa lonxitude



GUERRA DOS ESPELLOS

Creou un sistema de espellos para protexer a súa polis natal co que centraba a luz nun punto para despois apuntar e queimar as velas dos barcos atacantes.